

DESIGUALDADE DE XÉNERO EN LATINOAMÉRICA DESDE A PERSPECTIVA DOS INDICADORES DE DESENVOLVEMENTO HUMANO

NÉLIDA LAMELAS CASTELLANOS / EVA AGUAYO LORENZO
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 8 de xullo de 2010

Aceptado: 29 de outubro de 2010

Resumo: A problemática da igualdade de xénero foi unha constante nos estudos realizados polo PNUD sobre desenvolvemento humano. Para estes efectos establecéronse unha serie de indicadores que permiten avaliar o seu comportamento. Este traballo presenta unha panorámica comparativa da súa evolución nos últimos anos en determinados países latinoamericanos, cuestionando o alcance da relación entre o Índice de Desenvolvemento Humano relativo ao Xénero (IDX) e o Índice de Potenciación de Xénero (IPX). Malia os logros obtidos en materia de educación, que equilibran a situación de mulleres e de homes, persisten importantes diferenzas no grao de participación socioeconómica feminina.

Palabras clave: Desigualdade de xénero / América Latina / Indicadores de desenvolvemento humano.

GENDER INEQUALITY IN LATIN AMERICA ACCORDING TO HUMAN DEVELOPMENT INDICATORS

Abstract: The issue of gender equality has been a constant in the studies carried out by the UNDP on human development. To this end, a series of indicators that help to evaluate the level of their behaviour have been created. This paper presents an overview of its evolution during the last years in some Latin American countries, whilst the scope of the relationship between the Gender-related Development Index (GDI) and the Gender Empowerment Measure (GEM) is questioned. Despite the achievements obtained in education that level the situation of women and men, there are still important differences in the socio-economic female participation.

Keywords: Gender inequality / Latin America / Human development indicators.

1. INTRODUCCIÓN

En atención á problemática da igualdade entre homes e mulleres, o Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD) publicou no ano 1995 dous indicadores sociais: o Índice de Desenvolvemento Humano relativo ao Xénero (IDX) e o Índice de Potenciación de Xénero (IPX)¹ para medir, no primeiro caso,

¹ Desde a súa aparición, os índices foron sometidos a unha ampla valoración crítica por parte de diferentes autores. Entre eles, cómpre citar a Castles (1998), quen distingue problemas de mala interpretación estatística dos datos e dos valores dos indicadores; a Dijkstra (2006) e a Schüller (2006), quen identifican problemas conceptuais nos seus indicadores compoñentes, mentres que Klasen (2006) e Klasen Schüller (2009) puntualizan que o IDX é unha medida que reduce o IDH por iniquidades de xénero nas súas tres dimensións, pero *non* é unha medida de iniquidade de xénero en si mesma. O *Informe de Desarrollo Humano 2008* (cap. 4) resalta esta afirmación e explica que ás veces se interpretou mal como tal. Identifica, ademais, algunhas das súas principais limitacións.

Sobre o IPX, Cueva (2006) destaca tanto o seu carácter desviado ao considerar só ás mulleres máis educadas e economicamente máis avantaxadas, así como a ausencia de factores non económicos esenciais para a toma de decisións por parte das mulleres. Charms e Wieringa (2003) resaltan neste indicador a non inclusión de aspectos centrais relacionados co empoderamento feminino.

O PNUD, en atención a todos os sinalamentos, pronunciouse por unha futura reformulación dos índices (PNUD-OIDH, 2006).

as desigualdades sociais e económicas presentes entrambos os dous sexos, e no segundo, o nivel de oportunidades que posúen as mulleres. Preto xa de cumprir dúas décadas desde a súa primeira aparición, os informes anuais sobre desenvolvemento humano destacaron amplamente a iniquidade na participación á que se enfrontan as mulleres na actualidade.

Ao analizar estes indicadores observamos que os compoñentes do IDX son similares aos empregados para darlle seguimento ao Índice de Desenvolvemento Humano (IDH), polo que a localización dos diferentes países nos grandes grupos en que se clasifica este último podería resultar bastante aproximada á posición que se ocupa en relación co outro indicador. De feito, como destaca o PNUD (1999, p. 132): *“mentres máis próximo está o IDX dun país ao seu IDH, menos disparidade de xénero hai no país. Pero o IDX de todo país é inferior ao seu IDH, o que implica que hai desigualdade de xénero en todas as sociedades”*. Esta afirmación pode constatarase ao comparar a clasificación de vinte países de América Latina (dez sudamericanos, seis centroamericanos, México e tres países da área do Caribe) en ambos os dous indicadores nos anos 1997 e 2007.

Para os efectos do noso traballo, e máis alá do posto que cada país ocupa nun *ranking* obtido a partir dun índice composto, consideramos necesario particularizar a evolución de forma independente de cada un dos elementos que conforman os indicadores relacionados coa perspectiva de xénero. Desta maneira, valoramos en calles se manifestan as importantes diferenzas presentes entre eles, esquivando a problemática das ponderacións e outras dificultades asociadas a estes índices compostos.

Posteriormente, cuestionamos o alcance da relación entre o Índice de Desenvolvemento Humano relativo ao Xénero (IDX) e o Índice de Potenciación de Xénero (IPX) e destacamos a persistencia de importantes diferenzas no grao de participación socioeconómica feminina.

2. PANORÁMICA EVOLUTIVA DO IDX E DOS SEUS COMPOÑENTES NOS ANOS 1997 E 2007

O Índice de Desenvolvemento de Xénero reflicte desde esa óptica os logros no que respecta ás capacidades humanas máis básicas: vivir unha vida longa, ter coñecemento e gozar dun nivel decente de vida.

Antes de referírmonos á evolución das variables escollidas para representar esas dimensións, destacamos algunhas apreciacións. En primeiro lugar, que a construción do IDH, e polo tanto do IDX, se basea nun enfoque que pode denominarse de “redución de brechas”, xa que mide o desenvolvemento non a partir do crecemento dunha variable, senón da redución da distancia entre a variable e o seu máximo valor posible. Desta maneira asígnaselles unha maior transcendencia aos

resultados máis difíciles de alcanzar². En segundo lugar, as dificultades que se presentan na comparación dos valores dos índices para diferentes anos. Tal e como recoñece o PNUD (1999, p. 160), os cambios no tratamento dos ingresos induciron cambios na clasificación de países segundo o IDH como sucede, por exemplo, nos anos 1998 e 1999.

As comparacións entre países tamén resultan limitadas aos datos dispoñibles en series a escala internacional, resultando de maior complexidade a obtención dos desagregados por sexo. Isto implica que o índice non permite avaliar os cambios no desenvolvemento humano a través do tempo para un país determinado, é dicir, se ese país avanzou ou non en relación cun período anterior. Con todo, realizouse un importante esforzo para publicar os resultados relativos ao IDX e ao IPX, e as edicións dos informes anuais ilustran nas súas notas técnicas a metodoloxía empregada para o seu cálculo (*Informe sobre Desarrollo Humano, 1995*, p. 143).

Malia a cautela que esixen as mencionadas circunstancias, a táboa 1 permite apreciar, segundo a clasificación do IDX, a situación dos países latinoamericanos seleccionados en comparación cos restantes do ámbito internacional nos dous anos de referencia.

No ano 1997 Canadá –o país co maior valor do IDX a nivel mundial– supera en 0,09 a Chile, que resulta o mellor situado neste conxunto, e no ano 2007 esa diferenza numérica permanece invariable comparando esta vez Noruega con Chile. Ao finalizar a década, a maioría dos países non lograron reducir a brecha que os separaba respecto dos valores daqueles países que posúen as mellores posicións do indicador, o cal reflicte a persistencia das desigualdades de xénero neste ámbito.

Valoramos a continuación os indicadores que conforman o IDX.

Polo que respecta ao primeiro compoñente, unha *vida longa e saudable* (medido pola esperanza de vida ao nacer en anos de cada sexo), non existen grandes disparidades entre homes e mulleres. As estatísticas mostran un comportamento favorable a estas últimas na lonxevidade en todo o período. A totalidade dos países no ano 1997, exceptuando Haití, aproximábase ou superaba os 60 anos para o caso masculino e os 63 anos no feminino, aproximándose unha gran maioría aos 70 anos de esperanza de vida en ambos os dous casos.

Unha década despois, e novamente coa salvidade de Haití, incrementouse este indicador ata case os 65 anos ou máis para os homes e alcanzado os 68 anos para as mulleres como límite inferior. Aproximadamente a metade dos países analizados contaba cunha esperanza de vida superior aos 70 anos para toda a súa poboación.

² Un exemplo diso móstrase no *Informe sobre Desarrollo Humano, 1990. Notas Técnicas*, p. 223. O informe do ano 1994 recolle o establecemento de valores extremos normativos para as variables utilizadas. Anand e Sen (1995), nun documento preparado para o informe dese ano, ofrecen importantes apreciacións teórico-prácticas sobre a medición dos denominados *gender-equity-sensitive indicators* e os problemas asociados a ela. O estudo de Mancero (2001, p. 21) resume no cadro 2 os cambios incorporados nos valores extremos dos indicadores do IDH ata o ano 2000.

Táboa 1.- Valor e clasificación segundo o IDX de países latinoamericanos, 1997 e 2007

PAÍSES	VALOR		CLASIFICACIÓN	
	1997	2007	1997	2007
Arxentina	0,814	0,862	37	46
Bolivia	0,641	0,728	94	91
Brasil	0,773	0,810	67	63
Chile	0,832	0,871	33	41
Colombia	0,765	0,806	51	64
Costa Rica	0,795	0,848	42	47
Cuba	0,762	0,844	53	49
Ecuador	0,728	-	70	-
Guatemala	0,608	0,696	101	103
Haití	0,426	-	124	-
Honduras	0,632	0,721	98	95
México	0,778	0,847	48	48
Nicaragua	0,609	0,686	100	106
Panamá	0,786	0,838	47	51
Paraguay	0,717	0,759	74	82
Perú	0,726	0,804	71	65
Rep. Dominicana	0,716	0,775	75	74
Salvador (O)	0,667	0,740	89	89
Uruguai	0,823	0,862	36	45
Venezuela	0,786	0,827	46	55

NOTA: Non están dispoñibles os datos de Ecuador e de Haití do ano 2007.

FONTE: PNUD (*Informe de Desarrollo Humano 1999 e 2009*).

O compoñente *educación* mídese utilizando dous indicadores: a taxa de alfabetización de adultos e a taxa bruta combinada de matriculación en educación primaria, secundaria e terciaria segundo o sexo. A presenza do primeiro indicador argumentouse no informe do ano 1990 por ser considerado o requisito básico imprescindible para acceder ao coñecemento. Sobre a conveniencia da súa utilización para o cálculo que nos ocupa, atopamos posteriormente algunhas interrogantes (Quintana, 2003, p. 3)³ relacionadas coa adecuación de medir na actualidade a capacidade de ler e de escribir, vivindo nunha sociedade que se denomina da información.

Á marxe desta controversia e do feito de que o uso do indicador poida xustificarse polo atraso relativo de determinadas rexións de África e de América Latina, onde a condición de alfabetizado aínda resulta relevante, consideramos importante centrarnos no equilibrio alcanzado na traxectoria do indicador segundo o xénero.

A taxa de alfabetización de adultos (expresada en porcentaxe) resulta similar para ambos os dous sexos na maioría dos países. As menores cifras deste indicador corresponden a Haití, que no período 1999-2007 só alcanza o 64% para as mulleres

³ Ademais, criticase que o termo “adulto” non resulta un concepto homoxéneo nas enquisas aplicadas nos diferentes países.

e o 60% para os homes. Pola contra, os maiores niveis atópanse en Uruguai, Arxentina e Cuba, superando máis de dez países o 90% para ambos os dous casos. As que poderían identificarse como maiores diferenzas entre mulleres e homes polo que respecta ao indicador –favorables a eles– corresponden a Guatemala, Bolivia e Perú: preto dos 11 puntos porcentuais entre os anos 1997 e 2007.

O segundo indicador educacional confórmase a partir da combinación da taxa de matriculación bruta (TMBC) nos tres niveis de ensinanza. Con independencia das observacións realizadas ao procedemento do seu cálculo, entre as principais críticas asociadas ao seu emprego atopamos que este non recolle importantes aspectos do proceso docente como a súa calidade, a súa permanencia e os resultados do rendemento escolar, dado que só ofrece cifras de alumnos matriculados sen referencias aos que conclúen.

Resulta difícil sintetizar nun indicador todos aqueles elementos de orde cualitativa que merecen ser recoñecidos á hora de presentar e valorar os resultados dun proceso socioeconómico como o educacional. Isto constitúe, sen dúbida, unha das grandes dificultades á hora de elixir con que indicador se traballará.

Entendemos que a TMBC pode ser considerada unha aproximación das intencións, da disposición e das posibilidades de acceso á superación tanto dos homes coma das mulleres. É neste sentido no que establecemos unha comparación entre a evolución seguida en ambos os dous casos, valorándoo para os anos 1997 e 2007.

Os valores alcanzados testemuñan que de forma xeral no transcurso da década aumentou o interese por alcanzar maiores niveis educativos en toda a poboación. Por outra parte, mostran que son escasas as diferenzas que se aprecian no indicador entre os dous sexos: mentres que no ano 1997 a TMBC masculina superaba lixeiramente a feminina en once países, no ano 2007 en catorce países invertérase esta relación, é dicir, que as taxas de matriculación feminina se situaban a niveis máis altos cás dos homes (táboa 2).

O terceiro compoñente do IDX constitúeo o indicador *nivel de vida digno*⁴. No ano 1997, o PNUD realizou os cálculos correspondentes a este indicador baseándose nos datos do PIB real *per capita* (PPA en dólares) dese ano, mentres que no ano 2007 traballou co ingreso percibido estimado (PPA en US dólares)⁵. Para a nosa análise centrámonos no indicador utilizado para o último ano de referencia.

Destacamos que as cifras que mostra o indicador se refiren a datos pertencentes á área urbana e ao traballo recoñecido como formal, o que limita a análise a un sector moi específico da poboación.

⁴ Mancero (2001) sintetiza críticas temperás ao uso do indicador. Destacan as elaboradas por McGuillivray e White (1993) sobre a correlación entre o IDH e o PIB *per capita*, que é reducida para países de similar nivel de desenvolvemento humano, pero que é alta para conxuntos heteroxéneos de países.

⁵ Quintana (2008, p. 4) sinala que a inclusión dos ingresos percibidos estende as diferenzas de xénero en ingresos a outras diferenzas de xénero como as presentes en nutrición ou en vivenda, pero as mulleres que habitan en fogares onde tamén se perciben ingresos masculinos non están en igual condición que as que son cabezas de familia e, polo tanto, sofren maiores carencias.

Táboa 2.- Taxa de matriculación bruta combinada (TMBC) en educación (en %)

PAÍSES	1997		2007	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
Arxentina	82	77	93,3	84,0
Bolivia	64	75	83,6	89,7
Brasil	77	82	89,4	85,1
Chile	76	78	82,0	83,0
Colombia	71	70	80,9	77,2
Costa Rica	65	66	74,4	71,6
Cuba	73	70	110,7	91,5
Ecuador	67	78	-	-
Guatemala	43	51	67,8	73,2
Haití	24	25	-	-
Honduras	59	57	78,3	71,3
México	69	71	79,0	81,5
Nicaragua	65	61	72,7	71,5
Panamá	74	72	83,5	76,1
Paraguai	64	65	72,2	72,1
Perú	77	80	89,9	86,4
Rep. Dominicana	69	63	76,7	70,4
Salvador (O)	63	64	74,8	73,3
Uruguai	81	74	96,3	85,6
Venezuela	68	66	75,6	72,7

NOTA: Non están dispoñibles os datos de Ecuador e de Haití do ano 2007.

FONTE: PNUD (*Informe de Desarrollo Humano 1999 e 2009*).


En primeiro lugar, realizamos unha comparación entre países segundo as posicións que ocupan pola contía do indicador. Os niveis de ingresos femininos máis altos no ano 2007 corresponden a Arxentina, México e Panamá, respectivamente, e as últimas posicións ocúpanas Haití, Nicaragua e Honduras. No caso dos ingresos masculinos, tendo en conta o seu maior nivel, ocupan os primeiros lugares México, Chile e Arxentina e os últimos Haití, Nicaragua e Bolivia.

Posteriormente, calculamos a diferenza porcentual nos ingresos entre mulleres e homes no ano 2007 para destacar a importante brecha que desde a perspectiva de xénero se percibe nestes países nas cifras presentadas. A maior diferenza porcentual neste indicador localízase en Nicaragua, Honduras e Haití, por esta orde, mentres que en Colombia, Bolivia e Brasil se atopan as menores diferenzas. O valor da brecha oscila entre o 17% e o 50%. A gráfica 1 ilustra esta situación.

Os datos consultados non permiten identificar a existencia dunha relación de causalidade entre a percepción de maiores ou de menores ingresos por países e a presenza dunha brecha de xénero de maior ou de menor amplitude. De feito, países perceptores de altos ingresos en ambos os dous sexos en relación cos restantes, como México e Chile, coinciden con Guatemala, Haití, Honduras e Nicaragua no grupo que posúe unha brecha superior ao 40%. Por outra parte, tanto Colombia coma Bolivia atópanse cunha diferenza de ingresos entre mulleres e homes inferior ao 25%, aínda que Colombia practicamente duplica o ingreso de Bolivia para am-

bos os dous sexos. Isto indica, desde o noso punto de vista, que debe atenderse de forma especial a incidencia de factores extraeconómicos presentes nesta problemática.

Gráfica 1.- Brecha de ingresos por xénero, 2007 (en porcentaxe)



FONTE: Elaboración propia a partir de PNUD (*Informe de Desarrollo Humano 2009*).

3. PANORÁMICA EVOLUTIVA DO IPX E DOS SEUS COMPOÑENTES NOS ANOS 1997 E 2007

O Índice de Potenciación de Xénero dedicado ao nivel de oportunidades das mulleres tamén expresa as desigualdades en tres dimensións da súa participación:

- *Participación económica e poder de decisión*, que se mide pola participación de mulleres e homes en postos lexisladores, altos funcionarios ou directivos e pola participación de mulleres e homes en postos profesionais e técnicos.
- *Participación política e poder de decisión*, que se mide pola proporción de mulleres e homes con escanos parlamentarios.
- *Control sobre os recursos económicos*, que se mide a través da estimación de ingresos percibidos por mulleres e homes.

De igual maneira que no IDX, contamos neste índice coas mesmas restricións que impiden realizar comparacións intertemporais da evolución de cada país. Refe-rímonos, polo tanto, á posición que ocupan en cada ano en relación con outros paí-ses (táboa 3).

Táboa 3.- Valor e clasificación segundo o IPX de países latinoameri-
canos, 1997 e 2007

PAÍSES	VALOR		CLASIFICACIÓN	
	1997	2007	1997	2007
Arxentina	-	0,699	-	24
Bolivia	-	0,511	-	78
Brasil	0,367	0,504	70	82
Chile	0,449	0,526	54	75
Colombia	0,515	0,508	31	80
Costa Rica	0,550	0,685	23	27
Cuba	0,556	0,676	21	29
Ecuador	0,516	0,622	29	41
Guatemala	0,482	-	44	-
Honduras	0,450	0,589	53	54
México	0,511	0,629	33	39
Nicaragua	-	0,542	-	67
Panamá	0,467	0,604	47	47
Paraguai	0,405	0,510	65	79
Perú	0,421	0,640	63	36
Rep. Dominicana	0,528	0,550	25	64
Salvador (O)	0,491	0,539	41	70
Uruguai	0,441	0,551	56	63
Venezuela	0,484	0,581	43	55

NOTA: Non están dispoñibles os datos de Arxentina, Bolivia e Nicaragua do ano 1997, nin os de Guatemala no ano 2007. Carécese de total información sobre Haití.

FONTE: PNUD (*Informe de Desarrollo Humano 1999 e 2009*).

Neste conxunto, Cuba resultou o país mellor situado no ano 1997, cunha dife-
renza de 0,186 respecto de Noruega, quen ocupaba o primeiro lugar do *ranking* in-
ternacional nese ano. Unha década máis tarde a mellor posición ocúpaa Arxentina,
que se diferencia en 0,21 de Suecia, quen ocupa a primeira praza no ano 2007. Des-
tacamos que, malia o tempo transcorrido, a brecha nos valores do IPX entre os paí-
ses mellor posicionados a nivel mundial e os latinoamericanos non só non logra re-
ducirse, senón que alcanza maiores niveis que os que se constataban no ano 1997.

Analizamos a continuación o comportamento dos indicadores que compoñen o
IPX. Comentaremos aquí só os dous primeiros, xa que anteriormente abordamos o
relacionado cos ingresos, coa salvidade de que neste caso se considerou a relación
de ingresos estimados entre mulleres e homes⁶.

⁶ Unha das limitacións recoñecidas por Klasen (2006) no tratamento do ingreso no IPX é que inclúe un axuste á
baixa nos ingresos absolutos debido a brechas de xénero nos ingresos xerados. En contraposición, indica que a
simple diferenza nos ingresos entre homes e mulleres constitúe unha boa forma de medir o empoderamento eco-
nómico feminino.

Os datos correspondentes ao primeiro indicador do IPX preséntanse nas táboas 4 e 5. Establécense dous grupos de países debido a diferenzas na súa clasificación.

Táboa 4.- Participación laboral. Postos desempeñados por mulleres (en % do total)

PAÍSES	POSTOS EXECUTIVOS E DE ADMINISTRACIÓN		POSTOS PROFESIONAIS E TÉCNICOS	
	1999	2007	1999	2007
Chile	18,5	51,6	23	50
Colombia	38,8	45,6	38	50
Cuba	18,5	47,8	31	60
Honduras	39,2	56,3	41	52
Venezuela	22,9	57,1	27	61

NOTA: Clasificación CIUO-68. A primeira columna expón os datos do ano máis recente dispoñible ata o ano 1999 e a segunda columna ata o ano 2007.

FONTE: PNUD (*Informe de Desarrollo Humano 1999 e 2009*).

Táboa 5.- Participación laboral. Postos desempeñados por mulleres (en % do total)

PAÍSES	POSTOS EXECUTIVOS E DE ADMINISTRACIÓN		POSTOS PROFESIONAIS E TÉCNICOS	
	1999	2007	1999	2007
Arxentina	-	-	23	54
Bolivia	-	-	36	40
Brasil	17,3	63,3	35	53
Costa Rica	26,6	47,8	27	43
Ecuador	27,5	46,6	28	49
Guatemala	32,4	45,2	-	-
Haití	-	-	-	-
México	19,8	45,2	31	42
Nicaragua	-	-	41	51
Panamá	19,8	45,2	44	52
Paraguai	22,6	54,1	35	50
Perú	20,0	39,4	29	47
Rep. Dominicana	44,8	49,9	31	51
Salvador (O)	25,3	44,5	29	48
Uruguai	28,2	63,7	40	53

NOTA: Clasificación CIUO-88. A primeira columna expón os datos do ano máis recente dispoñible ata o ano 1999 e a segunda columna ata o ano 2007.

FONTE: PNUD (*Informe de Desarrollo Humano 1999 e 2009*).

Na actualidade, e en comparación coa década anterior, variou considerablemente a composición segundo o xénero en determinados sectores ocupacionais. É moi notable o incremento da participación feminina en postos executivos e de administración e nos profesionais e técnicos⁷. Pola variación na súa porcentaxe, no

⁷ A referencia a unha maior participación feminina queda restrinxida ao segmento do total poboacional que posúe un nivel de estudos e formación que lle permite acceder a esas posicións. Por iso algúns autores considéranos indicadores parciais.

primeiro grupo destaca Venezuela, e no segundo grupo destacan Brasil e Uruguai en relación coas primeiras ocupacións, e Arxentina en comparación coas segundas.

O papel que desempeñou a ampliación da cobertura educativa neste proceso foi fundamental. Segundo diversos estudos, e como sinala León (2000), o esforzo por incrementar a cobertura e por reducir a deserción e a repetición beneficiou proporcionalmente máis ás mulleres que aos homes, debido a que a anterior desigualdade favorecía aos homes e debido, ademais, a un cambio de actitude persoal e familiar que se traduciu nun maior apoio á prolongación do proceso educacional no caso feminino.

A tendencia a un maior número de anos de estudos e unha entrada máis temperá ao mercado laboral correlaciónanse cunha maior esperanza de vida laboral, o que, á súa vez, se conxuga co desempeño de funcións executivas e técnico-profesionais ás que resultan afíns eses requisitos. Porén, todo isto non se traduce nun efecto de igual magnitude nos ingresos percibidos onde, como xa destacamos anteriormente, se constatan amplas diferenzas segundo o xénero.

Polo que respecta ao indicador *escanos ocupados por mulleres en parlamentos* (táboa 6), debe considerarse que nese período na maioría dos países se incrementou a súa participación. A este respecto, Massolo (2007) expón que “*América Latina é testemuña dun xiro visible cara ao que se percibe como a «feminización da política»*”, dado que na última década a participación da muller aumentou, pasando dun 9% a un 14% no poder executivo (en posicións ministeriais), dun 5% a un 13% no senado e dun 8% a un 15% na cámara baixa ou nos parlamentos unicamerais⁸. Con todo, as cifras aínda resultan moi baixas se temos en conta que nun gran número de países existe un sistema de cota para a muller que busca asegurar que constitúan, cando menos, unha denominada minoría crítica de entre un 30% e un 40% do total (Méndez Montalvo e Ballington, 2002, p. 33; PNUD, 2009, p. 203). No conxunto de países seleccionados só Costa Rica, Cuba e Arxentina atópanse nese rango.

Cómpre destacar, ademais, que a media para os países da rexión indica que na actualidade só o 16% dos escanos parlamentarios están ocupados por mulleres. Como sinala Milosavljevic (2007), se proxectásemos este indicador sobre a base do ritmo do seu crecemento histórico entre os anos 1990 e 2005, a rexión alcanzaría nada máis que un terzo de representación feminina no ano 2035.

A importancia de incrementar esta participación radica en que alí onde as mulleres son responsables da toma de decisións obtiveron logros significativos relacionados coa política e coa lexislación, coa discriminación, coa violencia, cos dereitos reprodutivos e con outros temas familiares. Sobre este proceso, Maier (2006) pun-

⁸ Buvinic e Roza (2004) distinguen catro factores do crecemento do liderado político feminino: a tendencia modernizadora na preferencia dos votantes da rexión, a transición demográfica, un maior compromiso a nivel internacional e a crise política da rexión que abre espazos para a participación feminina.

tualiza que a crecente presenza das mulleres como actoras dos escenarios públicos e políticos contribúe notablemente na construción dunha cultura latinoamericana de dereitos. Así, como sinala Maier (2006, p. 29): “*emanada da textura social de iniquidade de xénero que historicamente viviu, a palpable participación feminina en espazos sociopolíticos nacionais durante os últimos trinta anos abriu a posibilidade de resignificar os papeis tradicionais de nai e ama de casa e de renegociar o peso de poder dentro da relación tradicional de xénero, contribuíndo de moitas maneiras á «ciudadanización» das mulleres e á democratización da familia e da sociedade*”.

Táboa 6.- Escanos ocupados por mulleres en parlamentos, 1997 e 2007 (en % do total)

PAÍSES	1997	2007
Arxentina	25,3	35,0
Bolivia	6,9	16,9
Brasil	6,6	8,8
Chile	7,5	15,0
Colombia	11,7	8,4
Costa Rica	15,8	38,6
Cuba	22,8	36
Ecuador	3,7	25
Guatemala	12,5	8,2
Haití	3,6	2,0
Honduras	7,8	23,4
México	14,2	22,6
Nicaragua	10,8	15,2
Panamá	9,7	16,7
Paraguai	2,5	10,0
Perú	10,8	29,2
Rep. Dominicana	11,7	19,7
Salvador (O)	10,7	16,7
Uruguai	7,1	11,1
Venezuela	5,9	18
NOTA: A cifra que aparece na primeira columna de Ecuador corresponde ao ano 1998.		

FONTE: Elaboración propia a partir de CEPAL: *Estadísticas en línea*.

4. RELACIÓN ENTRE O IDX E O IPX?


Nesta sección analizamos o alcance da relación entre o IDX e o IPX. A súa formulación está motivada polo feito de que, como sinalan Martínez e Voorend (2009), á marxe de posuír limitacións, ao igual que toda medición de fenómenos complexos, constitúen un bo punto de partida para explorar se contornas socioeconomicamente máis favorables tamén implican –necesariamente– ambientes máis igualitarios entre homes e mulleres.

Desde o punto de vista conceptual, podería considerarse evidente que a obtención de maiores logros polo que respecta ás capacidades humanas (vivir unha vida longa, ter coñecementos e gozar dun nivel decente de vida) debe exercer unha alta e positiva incidencia no nivel de oportunidades das mulleres.

Presentamos unha comparativa dos desempeños en ambos os dous indicadores de xénero –IDX e IPX– no ano 2007 nos países analizados

A gráfica 2 mostra como países que alcanzaron altos niveis no indicador de desenvolvemento humano IDX presentan unha importante dispersión nos valores do indicador de potenciación de xénero. Arxentina, Chile, Uruguai e Costa Rica posúen valores superiores de desenvolvemento humano alto, pero mentres que a potenciación de xénero é alta en Arxentina e en Costa Rica, é baixa en Chile e en Uruguai.

Gráfica 2.- Relación entre o IDX e o IPX, 2007



NOTA: AR: Arxentina; BO: Bolivia; BR: Brasil; CH: Chile; CO: Colombia; CR: Costa Rica; CB: Cuba; HO: Honduras; MX: México; NI: Nicaragua; PA: Panamá; PR: Paraguai; PE: Perú; RD: Rep. Dominicana; SA: O Salvador; UR: Uruguai; VE: Venezuela.

A relación entre o desenvolvemento humano e o grao de oportunidades para a muller non é directa. Os logros en materia de igualdade de xénero só se ven parcialmente promovidos polo aumento nos niveis de desenvolvemento humano. Os avances que as mulleres alcanzaron en lonxevidade e en educación non resultan condición suficiente para garantir a equidade nas oportunidades no ámbito económico e político. Máis alá das diferenzas existentes nos ingresos, a infravaloración

do rol da muller por parte da sociedade e das institucións determina que en termos xerais os valores do IPX se sitúen en niveis inferiores aos do IDX.

A revisión do IDX e do IPX realizada pola Oficina do Informe de Desenvolvemento Humano (OIDH) no ano 2006 contempla novas fórmulas para o cálculo destes índices: a inclusión de datos sobre aspectos que poidan exercer unha importante incidencia no desenvolvemento humano, como a valoración do traballo doméstico feminino non remunerado, as posibilidades de tomar decisións no fogar, a propiedade dos recursos produtivos ou a presenza da muller no goberno local, entre outros.

5. CONCLUSIONES

A nosa análise da desigualdade desde a perspectiva de xénero centrouse nos indicadores que compoñen o IDX e o IPX desenvolvidos polo PNUD. O seguimento da súa evolución para o conxunto de vinte países latinoamericanos seleccionados indica que, a pesar da heteroxeneidade das súas características socioeconómicas, existen elementos comúns nestes países que expresan a situación de desequilibrio na participación feminina a nivel socioeconómico.

Os resultados alcanzados nos indicadores educacionais reflicten unha aproximación na disposición e nas posibilidades de acceso á superación entre as mulleres e os homes. No ámbito laboral, aínda que se constatan avances na participación profesional-empresarial feminina, non sucede así polo que respecta ás posibilidades de percibir remuneracións equitativas. A diferenza porcentual nos ingresos entre mulleres e homes no ano 2007 sitúase entre o 17% e o 50%. De igual maneira, tamén resulta insuficiente a presenza feminina no ámbito político, onde se está moi lonxe de alcanzar o 40% do total.

A relación entre o desenvolvemento humano e o grao de oportunidades para a muller non é directa. Este desenvolvemento en xeral, así como as condicións económicas dun país en particular inciden nas relacións de xénero, pero non explican na súa totalidade a situación de desigualdade entre homes e mulleres. Aínda que se reducen as diferenzas existentes entre os ingresos percibidos entrambos os dous, a presenza doutros factores que reproducen unha estratificación social desfavorable ás mulleres dificultaría a erradicación desas desigualdades.

BIBLIOGRAFÍA

- ANAND, S.; SEN, A. (1995): *Gender Inequality in Human Development: Theories and Measurement*. (Occasional Paper, 19). New York: PNUD, Oficina del Informe sobre Desarrollo Humano.
- BUVINIC, M.; ROZA, V. (2004): *La mujer, la política y el futuro democrático de América Latina*. (BID, Serie de Informes Técnicos, WID-108). Washington, D.C. (www.iadb.org/).

- CARD, D. (1999): "The Causal Effect of Education on Earnings", *Handbook of Labor Economics*, 3, part 1, pp. 1801-1863. Elsevier Science.
- CASTLES, I. (1998): "The Mismeasure of Nations: A Review Essay on the Human Development Report 1998", *Population and Development Review*, 24 (4), pp. 831-845.
- CEPAL: *Estadísticas en línea*. (www.cepal.org).
- CHARMES, J.; WIERINGA, S. (2003): "Measuring Women's Empowerment: An Assessment of the Gender-Related Development Index and the Gender Empowerment Measure", *Journal of Human Development*, 4 (3), pp. 419-435.
- CUEVA, H. (2006): "What is Missing in Measures of Women's Empowerment?", *Journal of Human Development and Capabilities*, 7 (2) (July), pp. 221-241.
- DIKSTRA, G. (2006): "Towards a Fresh Star in Measuring Gender Equality: A Contribution to the Debate", *Journal of Human Development*, 7 (2), pp. 257-284.
- GUISÁN, M.C. (2009): "Educación, calidad del Gobierno y desarrollo económico en América, Europa, África y Asia", *Estudios Económicos de Desarrollo Internacional*, 9 (2), pp. 5-24. Euro-American Association of Economic Development.
- KLASEN, S. (2006): "Midiendo la inequidad de género y su impacto sobre el desarrollo humano: el debate acerca del Índice de Desarrollo relativo al Género (IDG) y el Índice de Potenciación de Género (IPG). Entendiendo el DH", *HDR Networks*, 2 (November). (<http://hdr.undp.org>).
- KLASEN, S; SCHÜLER, D. (2009): *Reforming the Gender-Related Development Index (GDI) and the Gender Empowerment Measure (GEM): Some Specific Proposals*. University of Göttingen. (<http://www2.vwl.wiso.uni-goettingen.de>).
- LEÓN, F. (2000): *Mujer y trabajo en las reformas estructurales latinoamericanas durante las décadas de 1980 y 1990*. (Serie Mujer y Desarrollo, 28). Santiago de Chile: CEPAL.
- MAIER, E. (2006): "Acomodando lo privado a lo público: experiencias y legados de décadas pasadas", en N. Lebon e E. Maier [coord.]: *De lo privado a lo público. 30 años de lucha ciudadana de las mujeres en América Latina*. México: Siglo XXI / UNIFEM.
- MANCERO, X. (2001): *La medición del desarrollo humano: elementos de un debate*. (Serie Estudios Estadísticos y Prospectivos, 11). CEPAL.
- MARTÍNEZ FRANZONI, J.; VOOREND, K. (2009): *Sistemas de patriarcado y regímenes de bienestar en América Latina. ¿Una cosa lleva a la otra?* (Documento de Trabajo, 37). Fundación Carolina CeALCI. (<http://www.fundacioncarolina.es>).
- MASSOLO, A. (2007): *Participación política de las mujeres en el ámbito local en América Latina*. Santo Domingo: UN-INSTRAW/AECID. (<http://www.un-instraw.org>).
- MCGUILLIVRAY, M.; WHITE, H (1993): "Measuring Development? The UNDP'S Human Development Index", *Journal of International Development*, 5 (2), pp. 183-192.
- MÉNDEZ MONTALVO, M.; BALLINGTON, J. [ed.] (2002): *Mujeres en el Parlamento. Más allá de los números*. Stockholm: International Institute for Democracy and Electoral Assistance (International IDEA).
- MILOSAVLJEVIC, V. (2007): "Estadísticas para la equidad de género: magnitudes y tendencias en América Latina", *Cuadernos de la CEPAL*, 92, Santiago de Chile: UNIFEM/CEPAL.
- PNUD (varios años): *Informe de Desarrollo Humano*. (www.undp.org).
- PNUD, OFICINA DEL INFORME DE DESARROLLO HUMANO (OIDH) (2006): "Revisiting the Gender-Related Development Index (GDI) and Gender Empowerment Measure (GEM)", *Journal on Human Development*, 7 (2) (July). (<http://hdr.undp.org/publications/journal.cfm>).

- QUINTANA, E. (2008): *IDH, IDG, IPG e IPH: algunas críticas y sus respuestas*. PNUD, Escuela Virtual para América Latina y el Caribe. (www.escuelapnud.org)
- SCHÜLER, D. (2006): "The Uses and Misuses of the Gender-Related Development Index and Gender Empowerment Measure: A Review of the Literature", *Journal of Human Development*, 7 (2), pp. 161-182.